

**ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS AO
CONSELLO ESCOLAR
CONVOCATORIA**

De acordo coa Resolución do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO**, en función das seguintes normas:

1. Segundo a lexislación vixente, no presente proceso electoral corresponde elixir a **tres pais/nais**, dun total de cinco que debe ter o Consello Escolar.
2. Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no Centro.
3. Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio.
4. As candidaturas correspondentes poderanse presentar **a partir do día 9 de novembro ata o 16 de novembro, ambos inclusive.** (Ante a secretaría e con rexistro de entrada)
5. As votacións realizaranse neste CEIP o **día 23 de novembro, de 17:00h a 19:00h.**
6. Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de **dous nomes** dos candidatos/as presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado; non admitíndose o voto por correo.
7. Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.
8. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.
9. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

En Cangas, a 8 de novembro de 2021
O/A PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL

Asdo.: Carla Garín Ibáñez

